



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 30 DE XANEIRO DO 2024.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D.CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (P.P.)

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JUAN CARLOS FERNANDEZ
FERNANDEZ (P.P.)
D. FRANCISCO JAVIER POUSA
CARRERA (P.S.O.E.)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)
D^a NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO
D. LUIS ALVAREZ GULIN (PSOE)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ
ESTEVEZ (BNG)
D. XURXO GOMEZ ALONSO (BNG)
D.BRAIS FIDALGO
MARTINEZ(RBC)

• **Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodríguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

Ribadavia, sendo as
20:00 horas do día
trinta de xaneiro de
2024 reúnese en sesión
ordinaria, e en primeira
convocatoria, o
Concello Pleno, baixo
a presidencia do Sr.
Alcalde, coa asistencia
dos Sres./as.
Concelleiros/as
relacionados na marxe,
actuando como
Secretario, Vicente
Soto Rodríguez,
asistindo o responsable
do departamento de
Intervención, Vicente
Soto Rodríguez.

No Salón de sesións da
Casa do Concello de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 28 DE DECEMBRO E 22 DE XANEIRO PASADO (ORDINARIA E EXTRAORDINARIA RESPECTIVAMENTE).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 28 de Decembro de 2023 e 22 de xaneiro de 2024 (ordinaria e extraordinaria respectivamente), solicitando de seguido a palabra a Sra. Rodríguez Travieso, voceira do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que no punto 7 do pleno do 28 de decembro, a intervención que se lle atribue o seu compañeiro, José Ignacio Gómez Pérez, indica que todo o que sinala nese punto foi realizado por ela, polo que pide a súa corrección.

De seguido sométese a votación a aprobación das actas do 28 de Decembro de 2023 e 22 de xaneiro de 2024 (ordinaria e extraordinaria respectivamente), coas correccións sinalada anteriormente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DE: A) DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 27 de decembro, unha sobre aboamentos.

Do 28 de decembro, unha sobre aboamentos, unha sobre eficacia de comunicación previa de ocupación da vía pública; unha sobre autorización actuación musical; unha sobre expediente de xeración de créditos.

Do 29 de decembro, dúas sobre liquidación de taxa de mesas e cadeiras; unha sobre expediente de xeración de créditos.

Do 2 de xaneiro, nove sobre liquidación de plusvalías; unha sobre corrección de erros de subvencións a entidades deportivas; dúas sobre bonificación ITVM.

Do 3 de xaneiro, tres sobre licencias de vacacións e asuntos propios; vinte sobre liquidación de plusvalías; unha sobre procedemento de reposición da legalidade; unha sobre empadronamento.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 4 de xaneiro, unha sobre concesion do servicio de xantar na casa; unha sobre expediente sancionador; dúas sobre bonificación de ITVM; unha sobre fraccionamento de débedas.

Do 5 de xaneiro, unhas obre eficacia de comunicación previa de ocupación de via pública; unha sobre licencia de vacacións; unha sobre eficacia de comunicación previa de obras ; unha sobre bonificación de ITVM; dúas sobre liquidación de plusvalías.

Do 8 de xaneiro; unha sobre expediente sancionador; unha sobre licencia de matrimonio; unha sobre eficacia de comunicacion previa de ocupación de via pública.

Do 9 de xaneiro, unha sobre situación de excedencia voluntaria.

Do 10 de xaneiro, unha sobre prórroga de solicitude de comunicación previa; dúas sobre licencia de asuntos propios; dúas sobre altas no padron de habitantes; unha sobre incoación de expediente de execución subsidiaria.

Do 11 de xaneiro, unha sobre expedición de tarxeta de estacionamento; unha sobre licencia de vacacións.

Do 15 de xaneiro, dúas unha sobre concesión de vacacións; unha sobre petición de subvencións; unha sobre nomeamento de funcionario interino.

Do 16 de xaneiro, tres sobre liquidación de taxa de salvamento; unha sobre bonificación de ITVM; duas sobre alta no Padrón de habitantes; unha sobre concesión do servicio de axuda no fogar; unha sobre solicitude de subministros de refuxios; unha sobre vacacions; unha sobre orde de execución.

Do 18 de xaneiro, tres sobre bonificación do ITVM; unha sobre baixa en taxa municipal; tres sobre plusvalía.

Do 22 de xaneiro, unha sobre nomeamento de tribunal; unha sobre solicitude de subvención; dez sobre liquidación de plusvalía; unha sobre despido por ineptitude sobrevenida; unha sobre empadronamento; unha sobre concesión de servicio de axuda no fogar.

Do 23 de xaneiro, sete sobre liquidacions de plusvalías.

Do 24 de xaneiro, duas sobre altas no padron de habitantes; dúas sobre baixa de taxa; unha sobre vacacions; catro sobre liquidación de plusvalías.

Do 25 de xaneiro, dezaseis sobre liquidacións de plusvalías, dúas sobre vacacións, unha sobre bonificación do ITVM, unha sobre alta no padrón de habitantes,



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Do 26 de xaneiro, unha de vacacions, trece sobre liquidacion de plusvalias, unha sobre devolución de ingresos indebidos, unha sobre bonificación de ITVM.

Do 29 de xaneiro, unha sobre comunicacion previa de obras, dúas sobre baixa de imposto municipal, unhas sobre empadronamento, unha sobre devolución de ingresos indebidos.

Do 30 de xaneiro, catro sobre altas no padron de habitantes; unha sobre concesión de bono natalidade.

3.- PROPOSTA DE PREZO PÚBLICO POR PUBLICACIÓNS

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 18 de de xaneiro de 2024 co seguinte teor literal: “De conformidade co previsto no artigo 129, en relación co artigo 41 B), ambos da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación dos servizos que a continuación se indican:

Publicación	Autor	Prezo
Os bolechas van de vacacions a Ribadavia	Pepe Carreiro	5 euros

O presente prezo público surtirá efectos a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e seguirá en vigor ata que se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de PSOE, BNG, e RENC.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente”.

Tanto a voceira do grupo municipal do B.N.G. e P.S.O.E., solicitan que se pregunte nos colexios se houbo algún neno que se quedou sen libro e se é así que se lle faga chegar.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.P.); abstencións, seis (P.S.O.E., B.N.G. e Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a proposta presentada.

4.-APROBACIÓN DAS BASES DO PREMIO DE TEATRO ABRENTE.

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deporte, Enoturismo e Termalismo na súa sesión de 18 de de xaneiro de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2024 co seguinte teor literal: “-Aprobar as bases do 19º PREMIO ABRENTE DE TEXTOS TEATRAIS coa seguinte literalidade:

19º PREMIO ABRENTE DE TEXTOS TEATRAIS

Coa intención de incentivar e apoiar a creación dramática en lingua galega e por ser o teatro a actividade que maior incidencia e proxección histórica lle outorgou á ribadaviense Agrupación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia a través da Mostra Internacional de Teatro (MIT) convoca, en lembranza daqueles “Concursos de Textos Teatrais”, a 19ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2024, de acordo coas seguintes bases:

1ª REQUISITOS Poderán optar ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada ata a data de resolución desta convocatoria, sempre que estea escrita en lingua galega.

2ª PREMIOS Establécese un premio único e indivisible, dotado con 4.000 euros e a edición da obra gañadora. O Concello de Ribadavia reservará por un prazo de doce meses os dereitos de edición e representación da obra e entregará ao gañador/a un total de vinte exemplares. Igualmente, o Concello de Ribadavia poderá promover, a través da Mostra Internacional de Teatro, a produción para a escenificación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor/a. En calquera montaxe que se faga da obra gañadora farase constar, necesariamente, tanto no programa, cartel, publicidade, etc., a mención expresa “PREMIO ABRENTE DE TEATRO. MIT RIBADAVIA 2024”.

3ª PRESENTACIÓN DOS ORIXINAIS As obras serán de tema e extensión libre e presentaranse por triplicado, mecanografadas a dobre espazo, en tamaño DIN A4, fonte de letra Times New Roman, por unha soa cara e coas follas numeradas, grampadas ou encadernadas. Os orixinais presentaranse baixo o título e un lema ou pseudónimo, acompañados dunha plica onde deberá figurar, no exterior, o título e o lema ou pseudónimo e conter, no interior, os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico.

4ª PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN O prazo de admisión de orixinais remata o día 15 de xuño de 2024 e deberán enviarse ao seguinte enderezo: Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Praza Maior s/n, C.P. 32400, Ribadavia, Ourense Deberase indicar no exterior do sobre “19º Premio Abrente para Textos Teatrais, 2024”

5ª XURADO O xurado estará presidido, con voz pero sen voto, polo Alcalde/sa de Ribadavia ou persoa en quen delegue e formarán parte del: o/a Concelleiro/a de Cultura ou persoa en quen delegue, o Director da Mostra Internacional de Teatro e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte teatral. O nomeamento oficial do xurado farao a Alcaldía ou persoa en quen delegue e actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes. A composición do xurado farase



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

pública con anterioridade á súa reunión, coa intención de que se poidan interpor, se fose o caso, as alegacións pertinentes.

6ª COMUNICACIÓN DO DITAME O xurado actuará en sesión única, sendo precisa a asistencia de dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será escolleita entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. A plica correspondente á obra finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado se se considera oportuno para que, se o autor/a o permite, se dea a coñecer de maneira pública. O veredito do xurado será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da AlcaldíaPresidencia do Concello de Ribadavia, que é o órgano competente para resolver o premio. A decisión do xurado darase a coñecer publicamente en xullo de 2024, no contexto da 40ª edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

7ª RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS Os orixinais non premiados poderán ser retirados das dependencias do Concello de Ribadavia no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados nun prazo de dous anos serán destruídos, así como as súas correspondentes plicas.

8ª ACEPTACIÓN DAS BASES A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de PSOE, BNG, e RENC.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente”.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, doce (P.P., P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, unha (Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a proposta presentada.

5.- MOCIÓN RENC SOBRE REFORZO DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 18 de de xaneiro de 2024 co seguinte teor literal: “1. O CONCELLO DE RIBADAVIA SOLICITA QUE O SERGAS REFORCE O SERVIZO DE PEDIATRÍA, E COMO MÍNIMO:

- CUBRA AS BAIXAS, VACACIÓNS E DEREITOS LABORAIS BÁSICOS DAS SÚAS PROFESIONAIS.

- SE COMPLETE A XORNADA DAS DÚAS PROFESIONAIS ACTUAIS.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia e aos SERGAS a que melloren as “ratios” de paciente/ médico/a e que implemente unha política de reforzamento do



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

servizo sanitario e dos seus profesionais no Centro de Saúde de Ribadavia e PAC comarcal, así como en todo o sistema sanitario galego.

3. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia e ao SERGAS a que se cubran todas as vacacións e baixas dos profesionais médicos do Centro de Saúde de Ribadavia, e en especial no reforzamento do servizo de pediatria.

4. Dar traslado deste acordo Plenario ao Presidente da XUNTA, Conselleiro de Sanidade, Secretaría e Dirección Xeral Sanidade, Xefatura territorial de Ourense do SERGAS.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC e BNG; reservanse para o pleno os membros de PP e PSOE. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente”.

De seguido o Sr. Alcalde presente unha Emenda de engádegas ao ditame da moción presentada por Ribeiro en Común sobre o reforzo do servizo de pediatria no centro de saúde de Ribadavia.

O texto dos acordos quedaría do seguinte xeito:

“O pleno do Concello de Ribadavia adopta o seguinte Acordo:

- 1) O concello de Ribadavia acorda o seu apoio ás medidas incluídas no “Manifesto de Connselleiros de Sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria”, respaldado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.
- 2) Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.
- 3) O concello de Ribadavia solicita que o SERGAS reforce o servizo de pediatria e, como mínimo, cubra as baixas, vacacións e dereitos laborais básicos das súas profesuionais e se complete a xornada das dúas profesionais actuais.
- 4) Instar ao goberno da Xunta de Galicia e ao SERGAS a que melloren as rateos de paciente médico e que implementen unha política de reforzamento do servizo sanitario e dos seus profesionais no centro de saúde de Ribadavia e PAC comarcal, así como en todo o sistema sanitario galego.
- 5) Instar ao goberno da Xunta de Galicia e ao SERGAS a que se cubran todas as vacacións e baixas dos profesionais médicos do centro de saúde de Ribadavia e en especial no reforzamento do servizo de pediatria.
- 6) Dar traslado deste acordo á consellería de sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España.

Intervén a Sra. Expósito Pérez, voceira do grupo municipal do P.P., para explicar a enmenda presentada, indicando que no comparte a idea tan catastrofista que se quere



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

facer ver, sinalando que a cuestión é que falta profesionais porque non existen e nese senso vai a enmenda, para tratar de conquistar que haxa máis médicos Mir.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para indicar que a moción foi presentada antes das comisións informativas e de feito ia no orde do día das mesmas, dí que houbo tempo máis que suficiente para presentar enmendas polo que entende que o P.P. está a xogar sucio e quere aproveitar a súa maioría no plenario para pasar o rodillo; pensa que non é unha enmenda de engadega senon de substitución, tratándose do propio relato do P.P. co obxecto de disvirtuar a moción presentada; dí que no se trata dunha visión catastrófista se non máis ben realista e de feito o defensor do paciente acaba de facer un informe e pon sobre as mesa as deficiencias e carencias existentes. Finaliza a súa intervención para dicir que estamos a falar dunha responsabilidade da Xunta de Galicia e non do Estado, sinalando que o obxectivo do seu grupo é a aprobación da moción o igual que se aprobaron mocións máis duras no ano 2022, polo que anuncia que se se mantén a enmenda vanse a abster.

Intervén o Sr. Gómez Alonso, concelleiro do B.N.G., para sinalar que o seu grupo está de acordo coa moción presentada; en canto a enmenda dí que solo lle falta dicir que a culpa é de Pedro Sánchez; finaliza a súa intervención que a situación sanitaria é nefasta cuestión pola que emigran os propios sanitarios.

Intervén o Sr. Gómez Pérez, concelleiro do P.S.O.E. para anunciar o voto en contra do seu grupo a enmenda presentada; dí que é cuestión habitual do P.P. de presentar enmendas noutras institución co obxectivo de disvirtuar as mesmas; en canto a situación sanitaria en Galicia dí que é moi mala, cuestión esta que se pode corroborar falando cos sanitarios, cuestión que fixo él estos días, indicando que están o borde do colapso, di que o problema existe e hai que buscarlle solucións.

Intervén a Sr. Expósito Pérez, para dicir que se ve coas intervencións quen esta en clave electoral; dí que o seu grupo asume a moción de Ribeiro en Comun pero quere ir máis ala, para tratar de buscar solucións, indicando que non é unha enmenda partidista senon constructiva. Finaliza a súa intervención dicindo que a Xunta acaba de cubrir recentemente postos de difícil cobertura por concurso de xeito que prazas que estaban vacantes dende fai anos vanse a cubrir.

O Sr. Gómez Alonso, sinala que a cuestión é moi sinxela e o que se trata é de haxa médicos, polo que os puntos da engadega podíanse substituír por eso; pensa que único que se pretende coa a enmenda e buscar culpables, en concreto o Estado cando é unha competencia da Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Gómez Pérez, para dicir que a engadega solo aporta confrontamento; dí que o P.P. enganou os pais e nais en Xinzo e agora o domingo volven a manifestarse; critica a forma na que procedu a Xunta para a cobertura de prazas recentemente.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

A Sra. Expósito Pérez, sinala que se hai máis praza Mir máis especialistas habrá, volvendo a reitera que estan a prol de reivindicar un mellor servizo de padiatria en Ribadavia.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para solicitar os grupos que no voten en contra das enmendas do P.P. e que se absteñan para non darlle argumentos e deixen o P.P. sen excusas; sinala que co punto 1º e 2º o que se pretende é escurrir o bulto, indicando que lle chama a atención que non haxa protestas en Ribadavia, preocupalle a falta de actividade e conformismo da cidadanía e pensa que hora de actuar porque Ribadavia ten futuro.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que o seu grupo está asumir a moción de Ribeiro en Común e o único que fai coa enmenda e completala, polo que non entende como se pode votar en contra dos dous puntos propostos.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción coa enmenda de engadega presentada polo P.P., obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.P.); votos en contra, tres (P.S.O.E.); abstencións, tres (B.N.G. e Ribeiro en Común).- Por conseguinte, por maioría absoluta fica presentada aprobada a moción.

6.- MOCIÓN BNG A PROL DA IMPLANTACIÓN DE NOVOS CURSOS FORMATIVOS DE NOVAS TECNOLOXÍAS NO IES O RIBEIRO.

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión de Cultura, Educación, Deporte, Enoturismo e Termalismo na súa sesión de 18 de de xaneiro de 2024 co seguinte teor literal: “1. Solicitar á Xunta de Galicia a implantación do ciclo de formación profesional de Grao Superior Desenvolvemento de aplicacións web no IES O Ribeiro – Edificio Abrente para o vindeiro curso 2024 – 2025, iniciándose a docencia no mes de setembro de 2024.

2. Solicitar á Xunta de Galicia outro ciclo superior de “Grao Superior Desenvolvemento de aplicacións web multiplataforma” para a súa implantación no mesmo edificio e tamén con data de inicio en setembro de 2024.

3. Solicitar á Xunta de Galicia a implantación do ciclo medio relacionado coas tecnoloxías da información, chamado “Sistemas microinformáticos e redes”.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG e RENC; reservanse para o pleno os membros de PSOE e PP.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente”.

Intervén o Sr. Gómez Alonso, concelleiro do B.N.G., para sinalar que lle preocupa a situación económica do Concello e o descenso de poboación e se queremos revertir a situación hai que tratar de ofertar traballo e tratar de conquistar servizos públicos de calidade, cuestión está pola que fan está moción, ofertando novos estudos para evitar que os veciños teñan que marcharse a outros lugares en busca de oportunidades.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal de Ribeiro en Común, para dicir que estamos a falar dunha competencia da Xunta de Galicia; dí que durante as pasadas eleccións fixéronse innumerables promesas que agora olvidáronse e a xente nada reivindica é o certo é que Ribadavia está peor que nunca; critica que se veñan a facer actos de inauguración disfrazados de actos relixiosos cuestión que se fixo está semana coa igrexa de Santo Domingo. Finaliza anunciando o seu voto a prol da moción presentada.

Intervén a Sra. Rodríguez Travieso, para anunciar o seu voto a prol da moción presentada, di que se tratan de ciclos con saída laboral e quere recordar que no ano 2019 aprobouse no pleno unha moción presentada polo seu grupo para que implantará o grao de enoloxía na Universidade de Vigo, con sede en Ribadavia.

A Sra. Expósito Pérez, voceira do grupo municipal do P.P., anuncia o voto favorable a moción presentada.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

7.- MOCIÓN BNG A PROL DO REPINTADO DE ESTRADAS E RÚAS NO CONCELLO DE RIBADAVIA

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola na súa sesión de 18 de xaneiro de 2024 co seguinte teor literal: “1. Facer unha análise do estado actual das estradas e rúas que se achán no noso concello, detectando e catalogando as deficiencias no firme e nas sinalizacións das liñas que actualmente están borradas ou sen pintar.

2. Identificar cales son as administracións con competencias directas sobre esas estradas ou rúas para instalalas a mellorar ditas sinalizacións.

3. Solicitar ao goberno municipal a rápida actuación nas estradas e rúas da súa competencia, cunha especial urxencia na rúa Ribeiro, rúa Eduardo Chao, rúa Veronza e rúa Piñeiral.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG; reservanse para o pleno os membros de PP, PSOE, e RENC.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente”.

Intervén a Sra. Rodríguez Estévez, voceira do grupo municipal do B.N.G., para explicar o contido da moción, pensa que é unha proposta fácil de cumprir e que será beneficiosa para os veciños.

Intervén do Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal de Ribeiro en Común, para sinalar que dita moción contén as reivindicacións que levan facendo todos os grupos municipais dende fai tempo; sinala que o bacheo non é a solución solo unha cuestión provisional. Finaliza dicindo que as rúas que peor se atopan son de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

titularidade autonómica, en concreto refírese a rúa progreso, estrada de San Critovo e estrada de Filgueira entre outras, reiterando que o boicot a Ribadavia continúa.

Intervén o Sr. Gómez Pérez, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que a única administración que está a cumprir neste tema e a Estatal, o cál podíase poñer na moción; di que o estado das estradas autonómicas e lamentable, e espera que polo menos se arranxen cando veña a carreira ciclista do Gran camiño. Finaliza dicindo que si quisera facer demagogia falaria da rúa Consello cuio estado é lamentable.

Intervén a Sra. Expósito Pérez, concelleira do grupo municipal do P.P., para manifestar o apoio a moción e indicar que no PlanMarco de camiños deste ano hai unha liña para fecer un inventario de camiños polo que convida a todos os grupos a participar para establecer prioridades.

A Sra. Rodríguez Estévez, agradece o apoio de todos os grupos a moción presentada, sinalando que é mellor facer unha actuación ben feita que moitas e mal.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

8.-MOCIÓNS DE URXENCIA.-

Non houbo.-

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Pola concelleiro de Ribeiro en Comun, o Sr. Fidalgo Martinez formúlense as seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Reiterar os rogos feitos en anteriores sesións plenarias, e en especial o relativo a que se dirixan a Xunta de Galicia para que reparen a ponte de San Francisco e arranxe o firme da estrada de San Cristovo.

2º ROGO.- Solicita que se comunique a Adif que proceda a limpeza da ponte do ferrocarril así como que se solicite a Consellería a mellora da ponte de San Francisco.

3º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde os informes que existen sobre o incendio no punto limpo e se afectou a colectores novos.

O Alcalde sinala que os colectores novos non se viron afectados e en canto o incendio todo parece indicar que foi provocado.

4º ROGO.- Solicita que se convoque a comisión de Tráfico, xa que a situación actual e un caos sobre todo no casco histórico, brindándose a participar e axudar se o estiman oportuno.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5º ROGO.- Que se proceda a retirada da sinalización de obra na zona da Porta Nova así como se mellora a sinalización do campo da feira.

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber que previsións hai de mellora da pavimentación da estrada de San Cristovo.

Resposta o Alcalde: Farase o longo de este ano o igual que tratarase de arranxar a estrada da Veiga, de feito estos dias presentouse no concello o proxecto o cál poden consultar.

2ª PREGUNTA.- En relación coas feiras quincenais, interesa saber se se vai a producir o cambio de ubicación e cál é o plan do goberno, indicando que algún comerciante lle está dicindo que o posible cambio ven determinado por imposición da Confederación Hidrográfica, informe que o seu grupo descoñece a súa existencia.

Resposta o Sr. Alcalde: No mes de febreiro procederase a modificar a ordenanza das feira, indicando que a idea e cambiala de ubicación se ben quere o cambio sexa consensuado para o cál faralle chegar os grupos as propostas, sinalando que se hai acordo tratariase de que a primeira feira do mes de marzo se faga na nova ubicación.

3ª PREGUNTA.- A pasada seman visitou a oficina de información xuvenil a Directora Xeral, pregunta si se fixo chegar que no oficina hai goteiras o obxecto de arranxalas.

Resposta o Alcalde: Si se lle fixo chegar dita cuestión. Indica que tamén está previsto cambiar a cuberta do museo Sefardi porque está en mal estado.

4ª PREGUNTA.- Interasa saber se ten constancia de queixas do clubs que utilizan o polideportiva polo retraso nas obras da pista.

Resposta o Sr. Alcalde: Indica que no recibiu ninguha queixa e que prazo de execución remata a mediados do mes de febreiro.

5ª PREGUNTA.- Interesalle saber se hai resposta da AXI sobre o punto de carga de vehiculos sito na rúa Progreso.

Resposta o Sr. Alcalde: A data de hoxe non.

O Sr. Fidalgo Martínez, solicita que se non se pode ubicar nesa zona que se busque outra alternativa.

6ª PREGUNTA.- Interesalle saber se o Alcalde firmou o manifesto dos Alcalde do P.P. contra a Lei da Anmístia.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde: Non a asinou se ben dí que no tiña problema en facelo.

Pola concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, o Sr. Gómez Alonso formúlanse as seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Que se proceda solucionar o verquido que se está a producir no camiño do río na zona de Francelos.

2º ROGO.- Que se lle faciliten as contas relativas as activides de Nadal.

1ª PREGUNTA.- En relación coa obra da casa que está o lado de San Xoan, intresalle saber se hai proxecto e cando se vai convocar comisión do P.E.R.I.

Resposta o Alcalde: Si hai proxecto e se aprobou inicialmente da comisión do P.E.R.I. En vindeiras datas vira a comisión o proxecto de execución.

2ª PREGUNTA.- En relación coa Escola de San Cristovo ten entendido que hai pouco nenos e correse o risco de pechar. Pregunta se ten coñecemento desto.

Resposta o Sr. Alcalde: E certo que baixou a matrícula e espera que para o vindeiro curso haxa máis nenos.

3ª PREGUNTA.- Interesalle saber que xestións se están a facer para alugar unha nave para o GES.

Resposta o Sr. Alcalde: De momento non hai avances, indicando que se está a negociar con varios propietarios.

4ª PREGUNTA.- Tivo coñecemento que días pasados se lle deron por parte de persoas do Concello malas contestacións a auxiliares da domicilio, polo que pregunta se é coñecedor do tema.

Resposta o Sr. Alcalde: Non ten coñecemento se ben fara as averiguacións oportunas.

5ª PREGUNTA.- En relación coa estrada da Veiga dí que é urxente a súa reparación polo que pide unha actuación prioritaria.

Resposta o Sr. Alcalde: Como dixo anteriormente consta proxecto que pode consultar cando o desexe, si ben o custo é importante polo que haberá que buscar financiación.

6ª PREGUNTA.- Interesa saber se o punto limpo estará operativo o vindeiro sábado.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde: Estanse a facer investigacións e informes e se a súa apertura non afecta a esto procederase a mesma.

Pola concelleira do Bloque Nacionalista Galego, o Sra. Rodríguez Estévez formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Agradece o ofrecemento da concelleira a a participar no plan dos camiños e indica que unha prioridade debe ser co camiño do Fondo da Vila en Santo André que esta intransitable.

2º ROGO.- Que se poden os arbores e se adecente o entorno do local de Ventosela agora que veñen as eleccións e hai unha mesa ali.

3º ROGO.- Solicita que se arranxe o aparcamento sito en fronte do centro de saúde e se poña un espello na zona da saída porque é perigosa.

1ª PREGUNTA.- En que situación está o campo de fútbol de O Xestal e se hai algunha queixa.

Resposta o Sr. Alcalde: Non lle consta que houbera algunha queixa.

2ª PREGUNTA.- Interesalle saber se o Concello está adherido o Plan de Saude da Xunta e se se fan algunhas actividades que se promocionen.

Resposta o Sr. Alcalde: Asinouse en decembro.

3ª PREGUNTA.- Estanse a arranxar e limpar varias fachadas da rúa Progreso, interesa saber quen fixo as solicitudes.

Resposta o Sr. Alcalde: fixeron os interesados.

4ª PREGUNTA.- En relación coa obra de saneamento na Groba e as Chabolas interesa saber se hai data de inicio das mesmas.

Resposta o Sr. Alcalde: Asinouse en decembro o protocolo entre Xunta, Deputación e Concello e en principio non hai data, no sabe se se executará nunha anualidade ou en varias como a obra de San Cristovo.

5ª PREGUNTA.- Interesa saber se está adxudicado o servizo de conciliación. xa que hai unha empresa que oferta unha praza de monitora.

Resposta o Alcalde: Esta en fase de licitación.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Pola concelleiru do P.SdG-PSOE, a Sr. Gómez Pérez os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Solicita que todas as peticións que se fan as administracións publicas se fagan por escrito e a través de rexistro.

2º ROGO.- Que cando se trasladen informacións os grupos así como os comerciantes, como por exemplo no tema da feira, se transmita ben e non se den informacións sesgadas.

3º ROGO.- Que se lle transmita os impulsores da reforma na igrexa de Santo Domingo o noso agradecemento así como tamén o Consellerio, ex-delegado da Xunta en Ourense para que acudan a máis misas xa que así contribuíran que se aumenten os fieles. Finaliza a súa intervención recordando que ditas obras foron realizadas con fondos europeos a través do goberno do Estado.

1ª PREGUNTA.- En relación co punto limpo, pregunta quen repuxo os colectores.

Resposta o Sr. Alcalde.: os colectores que existen puseronse para adecentar o lugar.

O Sr. Gómez Pérez, solicita que non se enterren máis carto públicos nese inmovible e que se busque unha nova ubicación para ese servizo, que ben pode ser o parque empresarial.

2ª PREGUNTA.- Interesalle saber se se suprimiu a mesa electoral sita na rectoral de Santo André e se se informou os veciños.

Resposta o Sr. Alcalde: Si se suprimiu como se dixo no pleno do sorteo dos membros das mesas electorais e fíxose un bando para informar os veciños dos novos lugares onde deberá exercer o seu dereito o voto.

3ª PREGUNTA.- Interesa saber de quen foi a decisión do número de carrozas na cabalgata de Reis.

Resposta o Alcalde: Falouse cos participantes e acordouse o número das mesmas.

Por último o Sr. Gómez Pérez, expresa o seu agradecemento porque volva a haber luz na zona da Veronza.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Concluído o anterior, as once menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE